


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/05/2021 12:53:03

SAIDA 8321/21



D^a M^a Gloria Lago Cuadrado (Asociación
Hablamos Español)
comunicación@hispanohablantes.es

Expediente: P.3.Q/6051/21

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2021

Estimada Sra. Lago:


En esta institución se iniciou expediente de queja como consecuencia de su escrito referente a la falta de versión en castellano de gran parte de los contenidos de la página web de la Comisión Interuniversitaria de Galicia.

Esencialmente, indicaba en su escrito que la información que se ofrece en la página web de la Comisión Interuniversitaria de Galicia sobre las pruebas de acceso a la Universidad está disponible solamente en gallego, excluyendo el español o castellano, también lengua oficial de Galicia. Las orientaciones y directrices excluyen por completo el español, incluso en aquellos apartados que se refieren a la asignatura de Lengua Castellana y Literatura, cuyo nombre oficial en Galicia es *Lingua Castelá e Literatura*."

Ante eso solicitamos, como usted sabe, información al citado organismo interuniversitario, que ya nos la remitió. En el informe que remite el presidente de la Comisión se indica, literalmente, lo siguiente:

"A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) é un instrumento do Sistema Universitario Galego (SUG) que leva máis de tres décadas actuando con criterios de operatividade recoñecidos en todo o Estado, ata o punto de que, nestes tempos de pandemia, os seus protocolos de actuación e os seus modelos de exame foron copiados por distintas Comunidades Autónomas. O papel da CIUG nas probas de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) e os procedementos para a matriculación do alumnado veñen outorgando ao longo dos anos un recoñecido prestixio á comisión entre a comunidade educativa de Galicia e de fóra de Galicia, pola súa eficacia e transparencia.

Con escasos medios, deseñamos unha páxina web, sinxela e intuitiva, que permite consultas rápidas. Na mesma utilizamos o idioma galego, lingua oficial preferente nas tres universidades galegas, sen que os usuarios teñan manifestado problemas maiores para conquistar a información desexada. Por outra banda, na mesma a lexislación nacional aparece en castelán e os modelos de exame en galego e castelán.



Valedora
do Pobo
Galicia

Sen embargo, se calquera asociación ou institución estima que todos os documentos colgados en galego deben ser traducidos a outro idioma (castelán, inglés, etcétera), non ten máis que ofrecerse a levar a cabo a devandita traducción, que, despois da nosa supervisión, completaría a versión galega da páxina web.”

Como conclusión de lo manifestado en el informe y por usted, esta institución, en aplicación de lo dispuesto en el artículo 32.1 de la Ley 6/1984, de 5 de junio, por la que se rige, formuló a la Comisión Interuniversitaria de Galicia el recordatorio de deberes legales del que se le remite una copia.

Dado que en el plazo de un mes la Comisión citada tiene que remitirnos la preceptiva respuesta a la resolución, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 32.2 de la Ley del Valedor do Pobo, tan pronto como recibamos la correspondiente comunicación nos pondremos de nuevo en contacto con usted, dándole cuenta de nuestras actuaciones y, a ser posible, de la solución de su problema.

Agradeciéndole la confianza que nos demuestra, reciba un atento saludo

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo


M^a Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo (firmado digitalmente)

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/05/2021 12:51:45

SAIDA 8320/21



Sr. presidente da Comisión Interuniversitaria de Galicia
Facultade de Dereito, 3º piso. Campus Universitario Sur
15782 - Santiago de Compostela

Expediente: P.3.Q/6051/21

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2021

Sr. presidente:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D^a M^o Gloria Lago Cuadrado, representante da Asociación *Hablamos Español*.

ANTECEDENTES

No seu escrito, literalmente, indícanos:

“La información que se ofrece en la página web de la Comisión Interuniversitaria de Galicia sobre las pruebas de acceso a la Universidad está disponible solamente en gallego, excluyendo el español o castellano, también lengua oficial de Galicia. Las orientaciones y directrices excluyen por completo el español, incluso en aquellos apartados que se refieren a la asignatura de Lengua Castellana y Literatura, cuyo nombre oficial en Galicia es *Lingua Castelá e Literatura*.”

A queixa foi admitida a trámite e requirimos desa Comisión Interuniversitaria de Galicia que nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa.

No informe remitido, sinálase que na paxina web da CiUG se utiliza o idioma galego, lingua oficial preferente nas tres universidades galegas, sen que os usuarios teñan manifestado problemas maiores para conquistar a información desexada. Por outra banda, na mesma a lexislación nacional aparece en castelán e os modelos de exame en galego e castelán.

Manifesta o informe que se calquera asociación ou institución estima que todos os documentos colgados en galego deben ser traducidos a outro idioma (castelán, inglés,

etcétera), non ten máis que ofrecerse a levar a cabo a devandita traducción, que, despois da súa supervisión, completaría a versión galega da páxina web.

ANÁLISE

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) é un órgano interuniversitario, sen personalidade xurídica, formado pola delegación de competencias propias das universidades do sistema universitario de Galicia en materia de acceso. Esta regulada na Orde de 24 de marzo de 2011.

No seu artigo 4 se sinala que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará aos membros da CiUG, de acordo co establecido no convenio asinado polos reitores das universidades do sistema universitario de Galicia en presenza do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria con data do 12 de marzo de 2001. No caso de que algúns dos membros designados non poidan desempeñar a súa función, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria designará á persoa ou persoas que os substitúan no seu labor dentro da CiUG.

Para as probas de acceso á universidade establecidas nos capítulos II e III desta orde, a CiUG estará composta polos delegados dos reitores das universidades do sistema universitario de Galicia e por tres profesores ou profesoras de educación secundaria nomeados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Para o resto dos procedementos, estará composta polos delegados dos reitores.

Por outra parte, ao actuar por delegación dos reitores das universidades do SUG, se insire na natureza destas, incluídas polos artigos 2.2 c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dentro do seu ámbito subxectivo de aplicación, como sector público institucional, sen prexuízo de que poden ditar normativa específica.

Desta lexislación derívase con claridade que a CiUG, como órgano interuniversitario, forma parte da Administración pública galega, malia que non teña personalidade xurídica propia como outros organismos ou entidades do sector público autonómico, e esta sometida ás citadas leis cando exerce potestades administrativas.

Aplicáselle, xa que logo, a lexislación autonómica xeral. Entre outras normas, o Decreto 201/2011, do 13 de outubro, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do

sector público autonómico de Galicia na internet, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Tendo en conta que a información que difunde a web da CiUG é de interese e relevancia pública –dado que lle corresponde a administración das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade no conxunto da comunidade autónoma–, aplícaselle a primeira finalidade do Decreto 201/2011 que é garantir unha adecuada información institucional, administrativa e dos servizos web sociais e participativos.

Cómpre indicar que a aplicación informática NERTA para a xestión do acceso ao Sistema Universitario de Galicia, que pode solicitar calquera estudante español ou estranxeiro, atópase dispoñible só en galego, tratándose dun servizo prestado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e sometido ao Decreto 201/2011.

O artigo 7 do citado Decreto 201/2011 refírese aos usos lingüísticos e dispón que: 1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación deste decreto garantirán á cidadanía o exercicio dos dereitos lingüísticos recoñecidos nas leis, en particular, os referidos ao uso do galego na Administración pública. Para ese efecto, adoptaranse as medidas necesarias dirixidas a facer efectivo o exercicio de tales dereitos.

2. Os contidos e servizos publicaranse, polo menos, en galego e castelán, sen prexuízo da inclusión noutras linguas de contidos e servizos que se consideren de interese.

3. O galego, como lingua de contacto inicial coa cidadanía, deberá ser a lingua de navegación establecida por defecto.

4. Para a redacción de contidos teranse en conta as pautas establecidas na Guía de políticas web no referente aos usos lingüísticos.

En consecuencia, e sen prexuízo do establecemento do galego como lingua de navegación por defecto, a totalidade dos contidos da paxina deben ser publicados en galego e en castelán, polo menos, sen limitar esta publicación á lexislación do Estado e aos modelos de exame, que obrigatoriamente deben estar en galego e en castelán xa que para a realización dos exercicios, o alumnado poderá empregar, á súa escolla, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios correspondentes a Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II e Primeira e Segunda Lingua Estranxeira II deberán realizarse nos seus respectivos idiomas.

A obriga de publicar os contidos e servizos, polo menos, en galego e castelán, correspóndelle á CiUG, tendo as tres universidades galegas que a compoñen mecanismos suficientes para facer a tradución e incorporar o castelán como lingua de navegación na paxina web e nos contidos que se ofrecen.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Comisión Interuniversitaria de Galicia o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Que en garantía do exercicio dos dereitos lingüísticos da cidadanía recoñecidos nas leis, os contidos e servizos da paxina web da Comisión Interuniversitaria de Galicia figuren en ambas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptando a Comisión Interuniversitaria de Galicia as medidas necesarias dirixidas a facer efectivo o exercicio de tales dereitos.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo